

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO 04 DE OUTUBRO DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00044527F.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00043882Y.

Aprobación da participación do Concello no plan POS+ Adicional 2/2022 de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) da Deputación Provincial da Coruña.

Acórdase:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, de **750.263,70 €**; cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	0 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
Pavimentación do lugar de Aradas (A Peregrina)	143.236,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	143.236,40 €
Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)	124.278,19 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	124.278,19 €
TOTAL	267.514,59 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	267.514,59 €

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
Reforma do viario A Pajuela-Campo da festa de Marrozos (fase I)	443.578,94 €	0,00 €	4.871,26 €	4.871,26 €	448.450,20 €
Subministración, instalación, configuración e posta en marcha de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela (campaña 2022)	39.170,17 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	39.170,17 €
TOTAL	482.749,11 €	0,00 €	4.871,26 €	4.871,26 €	487.620,37 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	0,00 €

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	0,00 €				0,00 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	267.514,59 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	267.514,59 €

Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	482.749,11 €	0,00 €	4.871,26 €	4.871,26 €	487.620,37 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00 €				0,00 €
TOTAL	750.263,70 €	0,00 €	4.871,26 €	4.871,26 €	750.263,70 €

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.